

BOLETÍN DE INFORMACIÓN SOCIOLABORAL

Boletín núm. 16 - Xaneiro 2019

Poboación

Os datos facilitados polo INE indican que a 01.07.2018 a poboación galega era de 2.699.269 persoas, o que supón un descenso de -3.792 persoas respecto ao 1 de xaneiro de 2018, e confirma a tendencia decrecente dos últimos semestres en Galicia, que mantense como a quinta comunidade con peor evolución deste parámetro neste período. O saldo vexetativo (nacementos - defuncións) foi, un trimestre máis, a variable con maior influencia nesta tendencia. A diminución da poboación por este concepto aumentou nun 15% respecto da observada no 1º semestre do ano anterior. Porén, tamén tal e como ven sucedendo durante os últimos anos, os saldos migratorios exterior e interior melloran o seu comportamento, e provocaron que a diminución porcentual da poboación no semestre fose lixeiramente inferior á rexistrada en 2016 (-0,14% fronte ao -0,24% daquel semestre). No conxunto do Estado o saldo vexetativo tamén rexistrou valores negativos no semestre pero o seu efecto viuse compensado polo saldo migratorio, que acelerou o seu crecemento neste trimestre (de 52.928 no 1º semestre de 2017 a 121.564 no de 2018), o que se traduciu nun incremento da poboación no 1º semestre dun 0,16% en termos absolutos.

Poboación de Galicia e España a 1 de xullo de 2018

	Poboación a 1 de xullo de 2018(*)	Poboación a 1 de xaneiro de 2018	Saldo primeiro semestre 2018			
			Vexetativo	Migratorio exterior	Migratorio interior	Saldo total
Galicia	2.699.299	2.703.149	-9.135	5.481	-138	-3.792
España	46.733.038	46.658.447	-46.273	121.564	0	75.291

Fonte: INE / (*) Datos provisionais


Produto interior bruto

O PIB galego incrementouse no 3º trimestre de 2018 en 0,6 décimas, o que leva a un incremento interanual dun 2,6%. En España, o PIB do pasado trimestre creceu un 0,6%, co que o incremento interanual deste parámetro foi do 2,4%. O gráfico que se achega amosa como, tras os valores máximos de crecemento acadados en Galicia e no conxunto do Estado nos anos 2015 e 2016, este está a desacelerarse, aínda que Galicia está a crecer nos últimos tres trimestres varias décimas por riba da media estatal e España segue a amosar un crecemento superior ao dos principais países da UE. A variación trimestral adiantada do PIB estatal para o 4º trimestre de 2018 foi dun 0,7% (2,4% en termos interanuais).

Variación interanual porcentual del PIB (Índices de volumen encadenados, referencia año 2010=100. Datos corregidos de estacionalidad y calendario) Galicia-España 2012-2018 (*)

	% (T/T-4)	2012	2013	2014	2015	2016	2017	1T15	2T15	3T15	4T15	1T16	2T16	3T16	4T16	1T17	2T17	3T17	4T17	1T18	2T18	3T18
Galicia		-3,2	-0,4	1,3	2,4	3,1	3,1	1,6	2,5	3	3,6	3,5	3,3	3,6	3,1	3,2	3,2	3,2	3,1	3,1	2,9	2,6
España		-2,9	-1,7	1,4	3,6	3,2	3,0	2,9	3,4	3,6	3,8	3,8	3,5	3,2	2,3	2,9	3,1	2,9	3,1	2,8	2,5	2,4

Fuentes: INE (Contabilidad Nacional Trimestral), IGE



Poboación activa, paro rexistrado, contratación e afiliación á Seguridade Social

A Enquisa de Poboación Activa (EPA) para o último trimestre de 2018 sinala que a poboación activa en Galicia se mantivo practicamente constante, cunha diminución de -900 persoas respecto da rexistrada no mesmo trimestre de 2017, dato que fica por debaixo do marxe de erro da Enquisa. A nivel estatal, pola contra, obsérvase no mesmo período un incremento da poboación activa superior as 100.000 persoas, cun incremento do 0,5%.

No que respecta á poboación galega ocupada, neste trimestre rexistrouse un descenso de -8.400 persoas ocupadas respecto do trimestre anterior, e un incremento de 32.300 persoas respecto do 4º trimestre de 2017, para un número total de 1.088.100 persoas ocupadas ao remate do ano. A taxa de ocupación fica no 46,6%, valor que, se ben amosa un incremento de 1,4 puntos porcentuais no último ano, é inferior en tres décimas ao valor do 3º trimestre do ano. No 4º trimestre, a taxa de ocupación estatal superou o 50% por primeira vez desde o comezo da crise, e a diferenza entre a taxa de ocupación estatal con respecto á galega reduciuse en 4 décimas este ano.

No que atinxe á taxa de paro para o 4º trimestre de 2018, a EPA fíxaa no 12,0% da poboación activa, ao reducirse o número de persoas desempregadas neste trimestre ata 148.900. Esta taxa é menor en 2,4 puntos porcentuais á rexistrada no conxunto do Estado, e supón un descenso de dúas décimas respecto da taxa do pasado trimestre.

Valores Poboación Activa Galicia-España, 4º Trimestre 2018

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferencia	Porcentaxe	Diferencia	Porcentaxe
Galicia	1.237,0	-12,4	-1,0	-0,9	0,1
España	22.868,8	14,9	0,1	103,8	0,5

Fonte: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)

Tal e como xa sucedera en 2017, o paro rexistrado en Galicia no 4º trimestre non se incrementou en todos os meses, apreciándose en decembro unha redución dun -0,6% respecto do mes anterior. A variación interanual do paro rexistrado comportouse en cada mes do trimestre dun xeito estable, con reducións que oscilan para os distintos meses entre o -9,0% e o -8,5%. Este último é o valor da redución do paro rexistrado para todo o 2018, fronte unha redución dun -10% rexistrada en 2017. Se ben o descenso interanual produciuse en todas as categorías (por sexo, idade e sector de actividade) cómpre sinalar que no caso dos mulleres, das persoas traballadoras maiores de 45 anos, e dos sectores agrícola-pesqueiro e de servizos, a redución do desemprego en 2018 foi máis cativa que a redución media.

No 4º trimestre de 2018 asináronse 260.162 contratos novos en Galicia, un -21,4% de novos contratos menos respecto do trimestre anterior, e un incremento do 5,6% respecto do mesmo trimestre do ano 2018. Os contratos de prácticas/formación foron os únicos que se incrementaron respecto ao trimestre anterior, mentres que os contratos indefinidos decreceron por debaixo da media (un -8,2% fronte ao citado -21,4%). Respecto do mesmo trimestre en 2017, tanto os contratos en prácticas/formación como os indefinidos se incrementaron por riba dun 21% e dun 26%, respectivamente. Por sectores de actividade, todos os tipos de contratos reducíronse respecto ao 3º trimestre, de xeito especial os da agricultura/pesca e os de servizos. Porén, o único sector de actividade no cal reduciuse a contratación con respecto ao 4º trimestre de 2017 foi o sector da construción, mentres que no sector da industria a contratación foi practicamente igual á rexistrada no período de referencia.

Os datos galegos de afiliación á Seguridade Social ao longo do 4º trimestre amosan redución da afiliación nos tres últimos meses do ano, mentres que no conxunto do Estado tan só o mes de novembro presentou un valor negativo. En termos interanuais, o incremento da afiliación no conxunto de 2018 foi un pouco menos intenso que o rexistrado en 2017, pasándose dun incremento de 21.713 persoas afiliadas en 2017 a 20.660 en 2018. A pesares desta pequena ralentización no crecemento da afiliación en Galicia, a diverxencia entre o crecemento da afiliación a nivel estatal e galego reduciuse en dúas décimas no ano 2018, estando xa por debaixo dun punto porcentual.

Paro rexistrado en Galicia por xénero e idade. 4º Trimestre 2018

4T 2017	Mes actual			variación mes anterior			%variación mes anterior			variación mes ano anterior			%variación mes ano anterior		
	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro
TOTAL	169.744	170.369	169.295	3.424	625	-1.074	2,1%	0,4%	-0,6%	-16.159	-16.806	-15.718	-8,7%	-9,0%	-8,5%
Homes	71.014	72.301	73.383	2.330	1.287	1.082	3,4%	1,8%	1,5%	-8.560	-8.268	-8.115	-10,8%	-10,3%	-10,0%
Mulleres	98.730	98.068	95.912	1.094	-662	-2.156	1,1%	-0,7%	-2,2%	-7.599	-8.538	-7.603	-7,2%	-8,0%	-7,3%
<30 anos	22.613	22.566	21.155	1.220	-47	-1.411	5,7%	-0,2%	-6,3%	-2.511	-3.051	-2.361	-10,0%	-11,9%	-10,0%
entre 30 e 44 anos	57.174	57.473	57.381	1.065	299	-92	1,9%	0,5%	-0,2%	-6.703	-6.806	-6.608	-10,5%	-10,6%	-10,3%
>44 anos	89.957	90.330	90.759	1.139	373	429	1,3%	0,4%	0,5%	-6.945	-6.949	-6.749	-7,2%	-7,1%	-6,9%
Agricultura e Pesca	6.075	6.388	6.583	814	313	195	15,5%	5,2%	3,1%	-789	-415	-409	-9,4%	-6,1%	-5,8%
Industria	18.940	18.869	19.693	207	-71	824	1,1%	-0,4%	4,4%	-2.300	-2.575	-2.251	-11,8%	-12,0%	-10,3%
Construción	13.841	14.103	14.963	-137	262	860	-1,0%	1,9%	6,1%	-4.127	-3.038	-3.177	-19,0%	-17,7%	-17,5%
Servizos	115.892	116.244	113.949	2.573	352	-2.295	2,3%	0,3%	-2,0%	-8.707	-9.097	-8.487	-6,8%	-7,3%	-6,9%
Sen emprego anterior	14.996	14.765	14.107	-33	-231	-658	-0,2%	-1,5%	-4,5%	-236	-1.681	-1.394	-8,3%	-10,2%	-9,0%

Fuente: Boletín mensual de paro rexistrado, Consellería de Economía, Emprego e Industria, Xunta de Galicia

Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 4º Trimestre 2018

	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	% Var. trimestre anterior	Var. trimestre ano anterior	% Var. trimestre ano anterior
4º Trimestre 2016	260.162	-67.332	-21,4%	13.736	5,6%
Hombres	131.940	-33.192	-20,7%	5.103	4,0%
Mujeres	128.222	-34.140	-22,8%	8.633	7,2%
<30 años	83.995	-24.809	-22,8%	3.715	4,6%
entre 30 e 44 años	109.310	-30.716	-24,1%	3.239	3,1%
>44 años	66.857	-11.807	-15,0%	6.782	11,3%
Indefinido	24.355	-2.163	-8,2%	4.357	21,8%
Temporal	230.584	-65.089	-23,0%	8.643	3,9%
Prácticas / Formación	3.728	1.245	50,1%	772	26,1%
Otros	1.495	-1.325	-47,0%	-36	-2,4%
Agricultura e Pesca	7.547	-3.943	-34,3%	726	10,6%
Industria	36.841	-6.749	-15,5%	148	0,4%
Construción	10.121	-1.812	-15,2%	-532	-5,0%
Servicios	205.653	-54.828	-22,1%	13.394	7,0%

Fuente: Boletín Mensual de Contratación, Consellería de Economía, Emprego e Industria

Datos de afiliación á Seguridade Social. Galicia-España, 4º Trimestre 2018

	Afiliacións media 3º Trim 2017			Variacións											
				mes anterior						interanual					
	absoluta		relativa		absoluta		relativa		absoluta		relativa				
outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	
Galicia	1.013.198	1.009.871	1.006.108	-690	-3.327	-3.763	-0,07%	-0,33%	-0,37%	23.294	20.714	20.660	2,35%	2,09%	2,10%
España	18.993.073	18.945.624	19.024.165	130.360	-47.449	78.541	0,69%	-0,25%	0,41%	562.544	527.868	563.964	3,05%	2,87%	3,06%

Fuente: IGE Informe de afiliación á Seguridade Social (segundo datos do Ministerio de Emprego e Seguridad Social)

Sinistralidade

Nos tres primeiros trimestres de 2018 produciuse un moi lixeiro incremento dos accidentes leves en Galicia (o 0,5%). Os accidentes graves tamén aumentaron lixeiramente, mentres que os mortais reducíronse no -8,6%. Por sectores de actividade, a sinistralidade aumentou na construción e na industria, e reduciuse nos sectores primarios e de servizos. Ningunha das variacións da sinistralidade entre os tres primeiros trimestres de 2018 e a rexistrada no mesmo período do ano anterior acadou os dous díxitos de incremento o de redución. Ningún sector de actividade rexistrou incremento de accidentes mortais no período obxecto de análise.

Pola contra, os índices de incidencia dos accidentes leves reducíronse para todos os sectores excepto o da industria, o que fixo que o total se reducira neste período nun -2,7% respecto do período xaneiro-setembro de 2017, e nun -2,6% no total. O índice de incidencia dos accidentes mortais tamén se reduciu, neste caso por riba do -11%, mentres que o dos accidentes graves incrementouse lixeiramente, debido ao incremento do índice nos sectores agrícola e da construción. Por sectores, o sector pesqueiro tivo o mellor comportamento, cun incremento inferior ao 4%, mentres que o peor comportamento correspondeu ao sector industrial, o único no que o índice de incidencia se incrementou fronte ao ano anterior.

Accidentes con baixa en xornada laboral por sectores de actividade en Galicia (Xaneiro-Setembro 2017/2018)

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2017	2018	% Var	2017	2018	% Var	2017	2018	% Var	2017	2018	% Var
Agricultura	905	882	-2,5	43	48	11,6	3	4	33,3	951	934	-1,8
Pesca	753	696	-7,6	34	28	-17,6	5	3	-40,0	792	727	-8,2
Industria	6.044	6.352	5,1	74	77	4,1	3	3	0,0	6.121	6.432	5,1
Construción	2.331	2.462	5,6	54	74	37,0	12	10	-16,7	2.397	2.546	6,2
Servizos	9.736	9.466	-2,8	115	105	-8,7	12	12	0,0	9.863	9.583	-2,8
Total	19.769	19.858	0,5	320	332	3,8	35	32	-8,6	20.124	20.222	0,5

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. ISSGA.

Índice de incidencia por sectores de actividade e gravidade. Galicia (Xaneiro-Setembro 2017/2018)

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2017	2018	% Var	2017	2018	% Var	2017	2018	% Var	2017	2018	% Var
Agricultura	2.843,3	2.805,3	-1,3	135,1	152,7	13,0	9,4	12,7	34,9	2.987,8	2.970,8	-0,6
Pesca	4.047,1	3.748,2	-7,4	182,7	150,8	-17,5	26,9	16,2	-39,9	4.256,7	3.915,2	-8,0
Industria	4.758,3	4.800,6	0,9	58,3	58,2	-0,2	2,4	2,3	-3,8	4.819,0	4.861,0	0,9
Construción	4.709,2	4.661,0	-1,0	109,1	140,1	28,4	24,2	18,9	-21,9	4.842,5	4.820,1	-0,5
Servizos	1.692,9	1.597,3	-5,7	20,0	17,7	-11,5	2,1	2,0	-3,3	1.715,0	1.617,0	-5,7
Total	2.464,8	2.398,9	-2,7	39,9	40,1	0,5	4,4	3,9	-11,2	2.509,1	2.442,9	-2,6

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. ISSGA.

Conflitividade

Segundo os datos provisionais facilitados polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social no período xaneiro-setembro de 2018, en Galicia leváronse a cabo 43 folgas, o que supón un descenso dun -28,3% fronte as do mesmo período do ano anterior. Tamén se produciu unha diminución na súa repercusión: no que atinxe ao número de persoas traballadoras participantes en folgas, dividiuse case por catro respecto das que o fixeron no mesmo período de 2017. Se tomamos como referencia as xornadas non traballadas, a conflitividade laboral reduciuse ata case o 40% da que se produciu no mesmo período do ano anterior. Compre sinalar que, aínda que o número de folgas realizadas reduciuse tanto en Galicia como en España, o impacto desas folgas seguiu traxectorias diverxentes: mentres en Galicia tiveron menor repercusión en número de persoas traballadoras participantes e de xornadas non traballadas, o efecto das folgas no conxunto do Estado incrementouse no mesmo período nun 20,8% no que atinxe ao número de persoas traballadoras participantes e nun 11,6% no relativo a xornadas non traballadas.

Nesta análise non se está a ter en conta o impacto da folga xeral que tivo lugar neste período, na cal participaron 2.541.978 persoas traballadoras, e houbo un total de 721.954 xornadas non traballadas

Folgas realizadas, persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas Galicia-España Xaneiro-Setembro 2018

	Folgas		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior
Galicia	43	-17	9.206	-27.893	43.771	-70.008
España	474	-90	199.723	33.494	454.163	46.281

Estadística de huelgas y cierres patronales. Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

(datos provisionais)

Expedientes de regulación de emprego

Os últimos datos facilitados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria sobre expedientes de regulación de emprego indican que se mantén a tendencia de diminución de solicitudes presentadas en todos os tipos de expediente con respecto ao ano anterior. Nos meses que van de xaneiro a outubro, a redución total no número de ERE presentados foi dun -21% con reducións superiores a esa porcentaxe entre os expedientes de redución de xornada e os de suspensións de contratos. Os expedientes de despedimentos colectivos tamén diminuíron, aínda que en menor medida (un -9,4%). Por sectores, destaca a redución de expedientes presentados no sector da construción, con oito expedientes presentados fronte aos 20 do mesmo período en 2017), mentres que no sector pesqueiro produciuse o único incremento en ERE presentados, debido ao incremento de expedientes de suspensión de contratos (un 41,7% máis)

Aínda que o número de persoas traballadoras afectadas por estes expedientes reduciuse de novo no período de referencia (nun -14,3%), é salientable que este descenso afectou principalmente aos conxunto de mulleres traballadoras, entre as que a redución foi de máis dun -30% sobre as afectadas no mesmo período de 2017. A redución foi especialmente intensa entre os expedientes de redución de xornada, onde se rexistraron diminucións superiores ao -40% tanto para homes como para mulleres. A nota negativa produciuse nos expedientes por despedimentos colectivos, onde aumentou o número de persoas traballadoras afectadas, tanto para homes (un 45% máis) como para mulleres (cun incremento do 33,2%)

Expedientes de regulación de emprego segundo a medida e o sector de actividade. Galicia, Xaneiro-Outubro 2017-2018

	Despedimentos colectivos			Suspensións de contratos			Reducións de xornada			Totais		
	2017	2018	%Var.	2017	2018	%Var.	2017	2018	%Var.	2017	2018	%Var.
Agricultura	0	0	0,0%	0	0	0,0%	0	0	0,0%	0	0	-----
Pesca	2	1	-50,0%	12	17	41,7%	0	0	0,0%	14	18	28,6%
Industria	11	11	0,0%	22	13	-40,9%	9	6	-33,3%	42	30	-28,6%
Construción	3	1	-66,7%	10	6	-40,0%	7	1	100,0%	20	8	-60,0%
Servizos	16	16	0,0%	34	24	-29,4%	31	28	-9,7%	81	68	-16,0%
TOTAL	32	29	-9,4%	78	60	-23,1%	47	35	-25,5%	157	124	-21,0%

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Secretaría Xeral de Emprego

Custos laborais e salariais

A *Encuesta Trimestral de Coste Laboral* do INE para o 3º trimestre de 2018 indica que o valor medio do custo laboral por persoa traballadora e mes foi de 2.287,6 €, o cal representa un incremento interanual dun 1,3%. No relativo ao custo salarial por persoa traballadora e mes, o valor para o pasado trimestre foi de 1.699,6 €, o que supón un incremento interanual dun 0,9%. A nivel estatal produciuse os incrementos en custos laborais e salariais neste trimestre e os valores galegos seguen a ser inferiores aos rexistrados a nivel estatal (o 9,3% e o 10,6% respectivamente) diferencia entre os valores galego e estatal que se incrementou para as dúas variables nos últimos 12 meses, e incrementouse máis aínda no caso do custos por hora efectiva, tanto laborais como salariais.

Custos laborais e salariais. Galicia. 2012-2018

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.
2012	2.206,2	-2,6	-----	-----	1.618,1	-3,1	-----	-----
2013	2.260,2	2,4	-----	-----	1.656,0	2,3	-----	-----
2014	2.261,4	0,0	-----	-----	1.654,0	0,0	-----	-----
2015	2.246,2	-0,7	17,2	0,3	1.649,0	-0,3	12,6	0,8
2016	2.248,3	0,1	17,4	1,3	1.655,0	0,4	12,8	1,5
2017	2.288,9	1,8	17,7	1,4	1.687,4	1,4	13,0	1,6
1T15	2.175,0	0,2	16,1	1,8	1.582,0	0,6	11,7	2,4
2T15	2.249,0	-2,1	16,7	-2,2	1.635,8	-2,2	12,2	-2,2
3T15	2.196,2	-0,4	17,5	-0,2	1.601,9	0,0	12,8	0,2
4T15	2.370,6	-0,3	18,3	1,9	1.775,8	0,4	13,7	2,7
1T16	2.203,1	1,3	16,8	4,3	1.596,2	0,9	12,2	3,7
2T16	2.232,7	-0,5	16,4	-1,9	1.640,6	0,3	12,0	-1,2
3T16	2.213,6	0,8	18,0	2,7	1.624,0	1,4	13,2	3,3
4T16	2.343,7	-1,4	18,3	-0,1	1.759,1	-0,9	13,8	0,1
1T17	2.209,8	0,3	16,1	-4,2	1.610,0	0,9	11,7	-3,6
2T17	2.259,7	1,2	17,1	4,3	1.662,6	1,3	12,6	4,4
3T17	2.258,4	2,0	18,4	2,3	1.651,6	1,7	13,4	2,0
4T17	2.427,6	3,6	19,0	3,8	1.825,5	3,8	14,3	4,0
1T18	2.245,6	1,6	17,0	5,4	1.630,8	1,3	12,3	5,0
2T18	2.301,9	1,9	17,0	5,4	1.699,6	2,2	12,4	-0,9
3T18	2.287,6	1,3	18,6	1,1	1.699,6	0,9	13,5	0,7

Fonte: INE (Encuesta trimestral de coste laboral)

Sociedades constituídas, disolvidas e ampliacións de capital

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 4º Trimestre 2018

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	% variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo trimestre do ano pasado	% variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	944	54.567,4	146	-59,1%	59	170,9%
Sociedades que ampliaron capital	284	111.954,6	13	-8,3%	13	1,5%

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

No 4º trimestre de 2018 constituíronse 944 sociedades mercantís en Galicia, 146 máis das constituídas no trimestre anterior e 59 máis das constituídas no 4º trimestre de 2017. O capital medio subscrito nas sociedades constituídas reduciuse respecto do trimestre anterior nun -59,1%, case

que triplicou ao capital de constitución das sociedades constituídas no último trimestre do ano anterior. No relativo ao número de sociedades que ampliaron capital, incrementouse nun 5% respecto do trimestre pasado e do último trimestre de 2017. O capital ampliado, pola contra, reduciuse respecto do 3º trimestre, e se mantivo case constante respecto do último trimestre de 2017.

Sociedades mercantís disoltas, que reducen capital ou en situación concursal, 4º Trimestre 2018

	4T18	3T18	4T17
Sociedades disoltas	377	176	318
Sociedades que reducion capital	61	56	51
Sociedades en situación concursal	67	45	67

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Por outra banda, no 4º trimestre disolvéronse 377 sociedades mercantís, 201 máis que no trimestre anterior, e 59 máis que no mesmo trimestre do ano anterior. No tocante ás reducións de capital, este feito produciuse en 61 empresas, seis máis que no trimestre anterior, e dez máis que no 4º trimestre de 2016. Ademais, rexistráronse 13 expedientes de fusión de empresas, catro de escisión e 67 empresas entraron en situación concursal, dato idéntico ás rexistradas no 4º trimestre de 2017

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

O ano 2018 e no exercicio da súa función consultiva, o Consello emitiu 47 ditames sobre normativa laboral, o mesmo número dos emitidos no 2017. No ano 2018 tramitáronse no servizo de Solución de Conflitos do Consello Galego de Relacións Laborais un total de 106 expedientes, o que supón o maior número de solicitudes de mediación ou arbitraje presentadas no AGA nun ano natural. De entre os 77 expedientes que non foron rexeitados pola contraparte afectada, un 81% remataron con acordo entre as partes ou con laudo arbitral, afectando os acordos acadados a un total de 1.264 empresas e 20.464 persoas traballadoras. No eido da negociación colectiva, proseguíu a actividade do Consello ao longo de 2018, cun total de 106 xuntanzas repartidas entre mesas negociadoras de convenios colectivos (86) e de Comisiones Paritarias (20) tanto de sector como de empresa. En termos do número de empresas e de traballadores afectados por estas actuacións, os sectores nos que o Consello Galego de Relacións Laborais implicouse nas mesas negociadoras abranguen máis de 14.000 empresas e máis de 95.000 persoas traballadoras, ás que habería que engadir as empresas e persoas traballadoras incluídas nos ámbitos de sectores que a día de hoxe carecen de convenio autonómico propio e que ao longo de 2018 tiveron negociacións para asinalo (sector de salas de exhibición cinematográfica, sector de tecnoloxías da información e da comunicación e sector de limpeza hospitalaria, entre outros)

Respecto da súa labor no fomento do debate sobre temas laborais, o Consello levou a cabo nove xornadas e tres seminarios nas principais cidades galegas, xornadas que contaron cunha asistencia global de máis de 900 participantes. Pola súa banda, o Curso Superior de Relacións Laborais, que o Consello realiza cada ano en colaboración coa USC, acadou a súa edición número XXVIII, e púxose en marcha a primeira edición do Curso de Negociación Colectiva e Individual no ámbito laboral, organizado en colaboración coa Universidade de Vigo. Para rematar, celebrouse unha nova edición do Encontro Galego de Relacións Laborais, despois dunha longa pausa de nove anos

Pode consultar máis información específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva do Consello: http://cgri.xunta.es/g_necol2.html

Consello Galego de Relacións Laborais

Algalia de Abaixo, 24 - 15781 Santiago de Compostela - Teléfono 981 541 601 - Fax 981 541 610

